



INFORME ANUAL DE SEGUIMIENTO

Máster Universitario en Investigación Biomédica

Curso Académico: 2015-2016

- Datos da universidade e do título obxecto do seguimento
- Cumprimento do proxecto establecido
- Plan de Melloras
- Modificacións do título

<u>A) DATOS DA UNIVERSIDADE E DO TÍTULO</u>	
Denominación do título	Máster Universitario en Investigación Biomédica
Universidade responsable administrativa	Universidade de Santiago de Compostela
Centro responsable	Facultade de Medicina e Odontoloxía
Centro onde se imparte	Facultade de Medicina e Odontoloxía
Rama de coñecemento	Ciencias da Saúde
Número de créditos	60 ECTS
Profesión regulada	Non
Modalidade de impartición	Presencial
Curso de implantación	2009/2010
Data acreditación ex ante (verificación)	29/07/2009
Data renovación acreditación	08/07/2015
Curso académico obxecto de seguimento	2015-2016

<u>CUMPRIMENTO DO PROXECTO ESTABLECIDO</u>			
Critérios	Nº	Evidencia / Indicador	Onde se atopa
1	E3	Análise do perfil real de ingreso/egreso	Informe anual MIB.pdf
1,6	E4	Guías docentes das materias (competencias, actividades formativas, metodoloxías docentes, sistemas de avaliación, resultados de aprendizaxe)	Web do Título
1,3	E5	Actas do último curso da Comisión Académica/Comisión de Titulación/Comisión de Garantía de Calidade	Actas CAMIB.pdf
1,7	I1	Evolución do número de estudantes de novo ingreso por curso académico	4311770_P.Ind_2015-2016
			5055_INF.03_2015-2016
			4311770_INF.16_2015-2016
1	I2	Evolución dos indicadores de mobilidade (Número e porcentaxe de estudantes que participan en programas de mobilidade sobre o total de estudantes matriculados)	4311770_P.Ind_2015-2016
			5055_INF.03_2015-2016
2	E6	Páxina web da universidade/centro/título (debe estar incluída como mínimo a información referida no apartado 1B)	Web da USC
			Web do Centro
			Web do Título
3	E7	Documentación do SGC (política e obxectivos de calidade, manual e procedementos)	Web do Centro
3	E8	Evidencias da implantación dos procedementos do SGC	Web do Centro
3	E9	Plans de mellora derivados da implantación do SGC	Web do Centro
3,7	E10	Análise das enquisas de satisfacción (%participación, resultados, evolución,...)	Informe anual MIB.pdf
3,7	I3	Resultados das enquisas de satisfacción de todos os grupos de interese do título	4311770_P.Ind_2015-2016
			5055_INF.05_2015-2016
			4311770_INF.09_2015-2016
			5055_INF.10_2015-2016
			5055_INF.11_2015-2016
			4311770_INF.13_2015-2016
			4311770_INF.14_2015-2016
			5055_INF.21_2015-2016

3,7	I4	Resultados dos indicadores que integran o SGC	4311770_P.Ind_2015-2016
4	E11	Plan de Ordenación Docente: información sobre o profesorado (número, experiencia docente e investigadora, categoría, materias que imparte, área, etc)	4311770_E11_2015-2016
4	E12	Información sobre o persoal de apoio por Centro (número e cargo/posto desempeñado)	5055_E12_2015-2016
4	E13	Análise das enquisas de avaliación da docencia (% participación, resultados, evolución, ...)	Informe anual MIB.pdf
4	I5	Porcentaxe de participación do profesorado do título en plans de formación da universidade e en actividades formativas específicas	5055_I5_I6_2015-2016
4	I6	Porcentaxe de participación do PAS do centro en plans de formación da universidade e en actividades formativas específicas	5055_I5_I6_2015-2016
4	I7	Resultados das enquisas de avaliación da docencia (%participación, resultados, evolución,...)	4311770_INF.13_2015-2016 4311770_INF.14_2015-2016
4	I8	Porcentaxe de profesorado do título avaliado polo programa DOCENTIA ou similares	--
4	I9	Evolución dos indicadores de mobilidade (número e porcentaxe de profesores que participan en programas de mobilidade sobre o total de profesorado do título)	5055_I9_2015-2016
5	E14	Información sobre os recursos materiais directamente relacionados co título	Web do Centro
5	E15	Información sobre servizos de orientación académica e programas de acollida	Web do Centro
5	E16	Listaxe dos centros/entidades para a realización de prácticas externas curriculares ou extracurriculares	Non aplicable
5	I10	Distribución alumnado por centros de prácticas	Non aplicable
6	E17	Listaxe de traballos fin de grao/máster do último curso académico (título, titor e cualificación)	Actas individualizadas por Curso.pdf
6	E18	Informes das cualificacións de cada unha das materias do título	4311770_INF.15_2015-2016
7	E19	Análise dos resultados do título (incluídos indicadores inserción laboral e SIIU)	Informe anual MIB.pdf
6,7	I11	Indicadores de resultados: - Taxa de graduación - Taxa de abandono	4311770_P.Ind_2015-2016 4311770_INF.17_2015-2016

		- Taxa de eficiencia - Taxa de rendemento - Taxa de éxito - Taxa de avaliación	4311770_INF.18_2015-2016
			4311770_INF.19_2015-2016
7	I12	Relación da oferta/demanda das prazas de novo ingreso	4311770_P.Ind_2015-2016
			--
7	I13	Resultados de inserción laboral	4311770_EIL-SIIU_2015-2016

Plan de Mejoras

<u>ACCIÓN DE MELLORA</u>	
Código	AM1
Orixe	Baixa participación do PDI nas enquisas de satisfacción
Ámbito de aplicación	Criterio 4. Recursos humanos
Análise causa	Tanto o sistema de recollida como a promoción da participación do PDI
Definición/descripción proposta	Mellorar o sistema de recollida das enquisas e o de promoción da participación do PDI
Datas	Xuño-2017
Estado/Eficacia	
Responsables	Área de Calidade e Mellora de Procedementos / Coordinación do Máster
Tarefa1	
Descrición tarefa	Analizar o posible impacto que o sistema de recollida poida ter na participación do PDI nas enquisas e darlle maior publicidade e promoción á participación
Data prevista de finalización	Xullo-2017
Responsable	Área de Calidade e Mellora de Procedementos / Coordinación do Máster

Estado	
Comprobación Tarefa	
Descrición Comprobación	Niveis de participación do PDI nas enquisas de satisfacción.
Data comprobación	Unha vez finalizado o prazo para cubrir as enquisas
Incidencias	
Axustes /Novas Tarefas	

<u>ACCIÓNS DE MELLORA</u>	
Código	AM2
Orixe	Baixa participación do PDI no PFID
Ámbito de aplicación	Criterio 4. Recursos humanos
Análise causa	Tipo de oferta formativa
Definición/ descrición proposta	Realización de propostas formativas ao PFID
Datas	Marzo-2017
Estado/Eficacia	
Responsables	Comisión Académica do Máster
Tarefa1	
Descrición tarefa	Realizar unha proposta formativa ao PFID
Data prevista de finalización	Xullo-2017
Responsable	Comisión Académica do Máster
Estado	
Comprobación Tarefa	
Descrición Comprobación	Incremento da participación do PDI no PFID
Data comprobación	Curso 2017-2018
Incidencias	
Axustes/Novas Tarefas	

MODIFICACIÓNS DO PLAN DE ESTUDOS	
MODIFICACIÓN	XUSTIFICACIÓN
Non se realizaron modificacións menores no Plan de Estudos.	



INFORME ANUAL DE SEGUIMIENTO

Informe e análise Comisión Académica

Máster Universitario en Investigación Biomédica

Curso Académico: 2015-2016

DIMENSIÓN 1. A XESTIÓN DO TÍTULO

Criterio 1. Organización e desenvolvemento

Criterio 2. Información e transparencia

Criterio 3. Sistema de garantía de calidade

DIMENSIÓN 2. RECURSOS

Criterio 4. Recursos humanos

Criterio 5. Recursos materiais e servizos

DIMENSIÓN 3. RESULTADOS

Criterio 6. Resultados de aprendizaxe


Criterio 7. Indicadores de satisfacción e rendemento

DIMENSIÓN 1. XESTIÓN DO TÍTULO

CRITERIO 1. ORGANIZACIÓN E DESENVOLVEMENTO:


1.1.- Perfil de ingreso e criterios de admisión

Ao longo do curso 2015-2016 o número de alumnos matriculados foi de 20, destacando entre o perfil de ingreso os titulados do grao de Bioloxía, como ven sendo habitual nesta titulación desde a súa creación. Non obstante é importante subliñar que mantén o seu carácter multidisciplinar, sendo un 50% dos alumnos provenientes de outras titulacións (gráfica 1).




Gráfica 1. Titulación de grao no acceso nos alumnos matriculados

No que respecta ao acceso á preinscrición á titulación ten demanda por parte de titulados de universidades de todo o estado, así mesmo hai demanda de países da UE e extracomunitarios, fundamentalmente de países hispanoamericanos e Oriente Medio, neste último caso debido aos Programas de Mobilidade que mantén a USC con países da rexión (gráfica 2). Desafortunadamente a preinscrición non se correlaciona cos datos de matrícula (gráfica 3).



Gráfica 2.

Tras un análise das posibles causas da diferenza entre o alumnado preinscrito e o matriculado, destaca unha delas que son os prazos de matrícula da Universidade de Santiago de Compostela. Estes prazos ao retrasarse, con respecto ás outras universidades do estado, fai que moito do alumnado acabe matriculándose noutras universidades para así garantir a súa admisión naquelas titulacións nas que foron admitidos. A Comisión Académica xa trasladou esta inqueda a ao Vicerreitorado correspondente, ao fin de que se modificasen as datas de matrícula para así conseguir incrementar o número de alumnos matriculados, algo que xa foi modificado para o curso 2016-2017 tendo un resultado moi positivo neste curso no número de alumnos matriculados. Así mesmo, incrementouse o número máximo de alumnos admitidos de 20 alumnos da UE + 5 alumnos non comunitarios a 25+5 respectivamente.



Gráfica 3.

1.2.- O plan de estudos desenvólvese seguindo a oferta de módulos, materias e materias previstas na memoria verificada

O plan de estudos sigue a oferta incluída na memoria verificada.

1.3.- Mecanismos de coordinación docente

A Comisión Académica é a encargada de recoller a información necesaria para facer unha boa coordinación docente. Por elo, en conxunto coa Comisión do Título da Facultade de Medicina, realiza un seguimento sistemático do desenvolvemento de cada materia tomando como referencia a memoria do título, desde os obxectivos ata o contido e os resultados académicos resultantes, co fin de comprobar que o plan de estudos estanse levando a cabo de acordo co proxecto inicial e no que se están a obter os resultados académicos previstos. A Comisión Académica comprobará ademais que non existen baleiros e duplicidades entre os programas impartidos, e analiza así mesmo a coordinación entre os docentes, e as posibles incidencias relacionadas coa falla de coordinación docente de cara a implantar melloras neste proceso.

O análise queda documentado no Informe Anual de Seguimento do Título, redactada pola Comisión do Título, no que se inclúe un apartado onde se recollen as accións a realizar para corrixir ou mellorar os resultados obtidos en cada un dos apartados analizados, así como a súa planificación.

CRITERIO 2. INFORMACIÓN E TRANSPARENCIA:

Páxina web da universidade/centro/título

Páxina web USC: <http://www.usc.es>

Páxina web do centro: <http://www.usc.es/gl/centros/medodo/>

Páxina web da titulación:

<http://www.usc.es/gl/centros/medodo/titulacions.html?plan=15101&estudio=15102&codEstudio=14581&valor=9>

CRITERIO 3. SISTEMA DE GARANTÍA DE CALIDADE:

3.1.- O SGC posúe os mecanismos necesarios para recoller a información precisa, analizala, detectar debilidades e propor accións de mellora, realizando un seguimento das mesmas.

En referencia ás accións de mellora expostas no informe final de avaliación de data 3 de xuño de 2015 para a renovación da acreditación do título suxeridas pola Comisión de Avaliación, a Comisión Académica analizounas e en base a esta análise fixo as seguintes reflexións que deron lugar a varias accións de mellora reflexadas no apartado correspondente:

DIMENSIÓN 1. XESTIÓN DO TÍTULO

Criterio 1. Organización y desarrollo

A Comisión Avaliadora suxire facer unha reflexión acerca da orientación e xustificación do título en función dos históricos de egresados existentes e o perfil real de ingreso do alumnado onde predominan os licenciados e graduados en Bioloxía. A titulación está orientada desde o seu inicio a unha formación multidisciplinar e transversal, como é propio da Investigación Biomédica, polo que a súa vocación segue a ser a de atraer titulados daquelas áreas nas que xogan un papel clave na investigación no complexo ámbito das enfermidades humanas. Así mesmo, e tal e como se comentou anteriormente, aínda que é certo que a titulación maioritaria no perfil de ingreso é a da Licenciatura/Grao en Bioloxía, o 50% do alumnado provén doutras titulacións.

En referencia a recomendación sobre a inclusión de máis actividades prácticas nas materias, especialmente nas que teñen un maior cariz experimental, hai que ter en conta que as materias na memoria do título non inclúe prácticas en ningunha materia debido ao importante custe que as mesmas teñen e o orzamento do que dispón a titulación, o que condicionaría a súa viabilidade. Non obstante e para tratar de compensar este déficit, o Máster concorreu á Convocatoria de financiamento de Accións de Mellora da USC no ano 2016, sendo concedidas axudas para a mellora da adquisición de competencias no coñecemento e manexo e tratamento de animais de experimentación e a adquisición de competencias en técnicas básicas de laboratorio, o que permitirá a adquisición dun simulador para o entramento no manexo de animais (rata), simulador que xa foi implementado ao longo do curso 2016-2017.

Criterio 2. Información e transparencia

A Comisión de Avaliación suxire no seu informe que se faga pública na web do centro a información relativa ao Tralallo Fin de Máster. Esta información está accesible ao alumnos desde o primeiro día de clase, así como se organizaron unhas xornadas de presentación dos proxectos ofertados.

DIMENSIÓN 3. RESULTADOS

Criterio 6. Resultados de aprendizaxe

Sobre a análise periódica da eficacia que as actividades formativas, as metodoloxías docentes e os sistemas de avaliación planificadas están a ter na adquisición das competencias do título por parte do alumnado, tanto a Comisión Académica nos diferentes informes de seguimento, como cada unha das materias fan esta análise ao fin de mellorar todos aqueles aspectos mellorables en cada un dos diferentes apartados. Non obstante, e como se pode observar nos resultados obtidos, en base aos indicadores analizados, estes son bastante positivos nas diferentes materias do título

Criterio 7. Indicadores de satisfacción e rendemento

Con respecto a captación de alumnos, ao longo do último ano, fíxose un estudio das posibles causas da menor demanda da titulación concluíndo que, aparte dos aspectos conxunturais propios da situación socioeconómica existente, existía unha clara diferenza entre os alumnos preinscritos e os matriculados, o que fai pensar que non se trata tanto un problema de difusión do título como dun problema nos prazos de matrícula. Co fin de corrixir o problema, comunicouse este ao Vicerreitorado ao fin de poder modificar estes prazos, e tamén aumentar o número de prazos.

No que se refire á recomendación acerca de recadar maior información sobre a opinión respecto do plan de estudos a empregadores e egresados/as, analizando e utilizando esa información na revisión continua e mellora do plan de estudos. A Comisión Académica, e tal como se demostra na información incluída neste informe acerca deste punto, analizou tanto os resultados de inserción laboral como das enquisas que abordan a análise da opinión sobre diferentes aspectos do título por parte do alumnado egresado.

3.2.- A implantación do SGC facilita o deseño, seguimento dos títulos, e a renovación da acreditación e garante a mellora continua permitindo a introdución de modificacións no título.

3.3.- Todos os grupos de interese están implicados no proceso de elaboración, implantación e seguimento das melloras do SGC.

Véxase documentación anexa na que están recollidas as actas das diferentes reunións da Comisión Académica mantidas ao longo do curso 2015-2016.

Evidencias:

E5: Actas do último curso da Comisión Académica/Comisión de Titulación/Comisión de Garantía de Calidade

E7: Documentación do SGC (política e obxectivos de calidade, manual e procedementos)

E8: Evidencias da implantación dos procedementos do SGC (procedementos completos, revisados e actualizados que desenvolvan as directrices do SGC:

Política de calidade, Deseño, revisión periódica e mellora dos programas formativos, Garantía do aprendizaxe, ensinanza e avaliación centrados no estudante, Garantía e mellora da calidade dos recursos humanos, Garantía e mellora da calidade dos recursos materiais e servizos e Información Pública)

E9: Plans de mellora derivados da implantación do SGC

E10: Análise das enquisas de satisfacción (% participación, resultados, evolución,...)

Indicadores:

I3: Resultados das enquisas de satisfacción de todos os grupos de interese do título (% participación, resultados, evolución,...)

O informe da enquisa de satisfacción do alumnado coa docencia recibida mostra que todos os ítems avaliados melloraron con respecto aos cursos anteriores non destacando ningún aspecto en especial. Non obstante, aínda sendo os resultados positivos, a participación do alumnado diminuíu con respecto ao curso anterior, pasando dun 77,27% de participación ao 50%. Aparte da correcta elección dos diferentes aspectos a avaliar, a participación é un factor clave para facer un diagnóstico correcto da situación que permita tomar, se fose o caso, as medidas de mellora axeitadas.

Con respecto ás enquisas de satisfacción dos egresados é importante considerar de novo que a porcentaxe de participación, aínda que incrementouse con respecto ao ano anterior, esta segue a ser moi baixa, o que condiciona as posibles conclusións que se poidan obter da análise dos resultados obtidos. Máis aínda, hai datos que cuestionan a validez das enquisas como son a gran diferenza existente entre o curso anterior e este no que se refire á valoración de aspectos como son os recursos materiais, infraestruturas ou equipamentos, así como aquelas relacionadas coa información e xestión académica do título, aspectos que non se modificaron con respecto ao curso anterior.

I4: Resultados dos indicadores que integran o SGC

DIMENSIÓN 2. RECURSOS

CRITERIO 4. RECURSOS HUMANOS:

Analizar e valorar a adecuación do persoal académico e de apoio que participa no título obxecto de avaliación.

4.1.- Persoal académico. O título conta con profesorado suficiente e a súa cualificación é axeitada, tendo en conta as características do plan de estudos, as modalidades de impartición e as competencias que deben acadar os estudantes.

No que respecta ao persoal académico adscrito á titulación, tanto o número como a cualificación do mesmo é a axeitada para a impartición das materias incluídas no plan de estudos. Conta con 54 docentes, sendo todos eles doutores e maioritariamente persoal estable (67%), ao que está asignada a maioría da docencia impartida (79%). Así mesmo, participan 12 áreas de coñecemento pertencentes a Ciencias da Saúde e Ciencias Experimentais, que se reparten de forma equilibrada a docencia das diferentes materias, o que garante o carácter multidisciplinar propio dunha titulación centrada na investigación biomédica.

Xa en relación á satisfacción do persoal docente e investigador coa docencia impartida as enquisas, nas que a participación aínda que incrementándose ao longo destes anos segue a ser reducida (37,50%), non mostran grandes cambios nos diferentes aspectos abordados a través das preguntas incluídas no cuestionario ao longo deste últimos cursos con respecto ao curso 2015-2016.

Con respecto as posibles medidas a tomar para incrementar a participación do profesorado nas enquisas, a Comisión Académica considera que se debería de mellorar o sistema de recollida da información e a promoción da implicación do profesorado nestas ferramentas de avaliación.

O único aspecto que diminuíu substancialmente foi tanto o interese en recibir formación de apoio para a mellora da docencia relativa ás novas tecnoloxías aplicadas á docencia como de apoio didáctico e pedagóxico xeral. Unha das posibles razóns para este cambio no interese do profesorado pode vir condicionado pola formación ofertada desde o Programa de Formación e Innovación Docente (PFID) da USC ao longo dos últimos anos. Polo tanto, unha boa medida sería propoñer por parte da Comisión Académica novas iniciativas formativas que puideran favorecer unha maior participación do profesorado no PFID.

4.2.- Persoal de apoio

3. O título conta con persoal de apoio suficiente e a súa cualificación é axeitada, tendo en conta as características do plan de estudos.

A xestión dos másteres depende fundamentalmente da Coordinación e a Comisión Académica, axudadas en certos aspectos polos Servizos específicos de Xestión Académica e de Calidade, sen existir persoal adicado á xestión do título de Máster. Isto podería ser optimizado a través dunha xestión dos recursos humanos que facilite unha maior dedicación deste persoal á xestión de todos

aqueles títulos adscritos ao Centro. Un maior apoio administrativo da titulación permitiría así mesmo incrementar os servizos a disposición dos estudantes, a través dunha mellor orientación académica, e do profesorado, facilitando certos aspectos da organización académica.

Evidencias:

E11: Plan de Ordenación Docente: información sobre o profesorado (número, experiencia docente e investigadora, categoría, materias que imparte, área, etc.)

E12: Información sobre persoal de apoio por Centro (número e cargo/posto desempeñado)

E13: Análise das enquisas de avaliación da docencia (% participación, resultados, evolución,...)

Indicadores:

I5: Porcentaxe de participación do profesorado do título en plans de formación da universidade e en actividades formativas específicas

I6: Porcentaxe de participación do persoal de apoio do centro en plans de formación da universidade e en actividades formativas específicas

I7: Resultados das enquisas de avaliación da docencia (% participación, resultados, evolución,...)

I8: Porcentaxe de profesorado do título avaliado polo programa DOCENTIA ou similares

I9: Evolución dos indicadores de mobilidade (número e porcentaxe de profesores que participan en programas de mobilidade sobre o total de profesorado do título)

CRITERIO 5. RECURSOS MATERIAIS E SERVIZOS:

Analizar e valorar se os recursos materiais e servizos postos a disposición dos estudantes son axeitados ás necesidades do título.

5.1.- Os recursos materiais, infraestruturas e servizos postos a disposición dos estudantes e o profesorado son suficientes e axeitados ás características do plan de estudos, as modalidades de impartición e as competencias que deben acadar os estudantes.

Os recursos materiais, infraestruturas e servizos dispoñibles, aínda que suficientes para o desenvolvemento do plan de estudos, habería moitos aspectos mellorables. Se os recursos económicos se incrementasen sería

posible o financiamento dos Traballos Fin de Máster (TFMs), xa que neste momento este baséase nos recursos dos que dispoñen os grupos de investigación nos que o alumnado desenvolve os seus TFMs.

Evidencias:

E14: Información sobre os recursos materiais directamente relacionados co título

E15: Información sobre servizos de orientación académica e programas de acollida

E16: Listaxe dos centros /entidades para a realización de prácticas externas curriculares ou extracurriculares Indicadores:

I10: Distribución alumnado por centros de prácticas

DIMENSIÓN 3. RESULTADOS

CRITERIO 6. RESULTADOS DE APRENDIZAXE:

Analizar se os resultados de aprendizaxe acadados polos estudantes son coherentes co perfil de egreso e se corresponden co nivel do MECES.

6.1.- Os estudantes ao rematar o proceso formativo adquiriron as competencias previstas para o título.

Evidencias:

E4: Guías docentes (comprobar se o desenvolvemento das actividades formativas, metodoloxías docentes, sistemas de avaliación e calificación contribúen á consecución e valoración dos resultados de aprendizaxe previstos)

E17: Listaxe de traballos fin de grao/máster do último curso académico (título, titor e calificación)

E18: Informes das calificacións de cada unha das materias/asignaturas do título

Indicadores:

I11: Indicadores de resultados (analizarase a taxa de éxito global e por materia)

Tanto a taxa de éxito global e por materia é do 100%, o que indica que o alumnado está a adquirir satisfactoriamente as competencias establecidas na Memoria verificada do título.

CRITERIO 7. INDICADORES DE SATISFACCIÓN E RENDIMENTO:

Analizar os principais datos e resultados do título e valorar a evolución dun núcleo de indicadores mínimo. Comprobar se os resultados se adecúan ás previsións e características do título.

7.1.- Os principais datos e indicadores do título evolucionan favorablemente de acordo coas características do título.

Tanto as taxas de éxito, como de avaliación e de rendemento son moi altas, se estas se comparan cos resultados previstos que figuran na Memoria verificada do título. Só en certas materias, aínda que sendo superiores as estimadas, as taxas de avaliación e de rendemento non chega a ser do 100%. Nestes casos trátase de, ou ben materias optativas nas que o alumnado modificou a súa matrícula ao longo do curso académico ou non presentou o seu Traballo Fin de Máster, figurando como Non Presentados. No primeiro caso isto corrixiuse no curso seguinte e debido ao seu carácter presencial, non permitindo os cambios de matrícula cando o curso xa está avanzado nun porcentaxe substancial do número de horas impartidas. No segundo, ao deberse a casos puntuais e por razón conxunturais non foi necesario tomar medidas que corrixan a situación.

7.2.- Os índices de satisfacción dos estudantes, do profesorado, dos egresados e doutros grupos de interese é axeitada.

Este análise fíxose en cada un dos apartados correspondentes a cada un dos grupos de interese.

7.3.- Os valores de inserción laboral dos egresados do título son axeitados ao contexto socio-económico e profesional do título.

Aínda que o contexto laboral existente no seu conxunto non é moi favorable, os valores de inserción laboral do alumnado egresado do título mostran uns datos moi positivos, xa que datos como son a duración ou a calidade dos contratos laborais dos egresados melloran ao longo dos anos e especialmente nos catro primeiros anos tras a obtención do título. A partir do 5º ano, diminúe a taxa de afiliación pero mantense a calidade do emprego estabilizado tal e como reflexa o dato do tipo de contrato, incrementándose os contratos indefinidos e manténdose o tipo de cotización máis alto.

Evidencias:

E10: Análise das de satisfacción (% participación, resultados, evolución,...)

E19: Análise dos resultados do título (incluídos indicadores inserción laboral e SIIU)

Indicadores:

I1: Evolución do número de estudantes de novo ingreso por curso académico

I3: Resultados das enquisas de satisfacción de todos os grupos de interese do título

I11: Indicadores de resultados (Estas taxas se facilitarán de forma global para o título. As taxas de rendemento, éxito e avaliación facilitaranse tamén por materia/ asignatura):

- Taxa de graduación
- Taxa de abandono
- Taxa de eficiencia
- Taxa de rendemento
- Taxa de éxito
- Taxa de avaliación

I12: Relación da oferta/demanda das prazas de novo ingreso.

I13: Resultados de inserción laboral

Comisión Académica do Máster de Investigación Biomédica

Acta da sesión do 01/09/2015

Ás 10:00 horas do día un de Setembro de 2015, reúnense na sala de reunións do primeiro andar do CIMUS os membros da Comisión Académica do Máster de Investigación Biomédica que se indican a continuación, para tratar os asuntos da orde do día enviada a todos eles coa convocatoria da reunión feita pola Coordinadora do Máster.

Asisten:

Profa. Celia M^a Pombo, Coordinadora do Máster

Prof. Juan Zalvide

Prof. Victor Arce

Prof. Anxo Vidal

Profa. Rosa M^a Señaris

Profa. Anxela Torres, nova representante do equipo de Goberno do Centro. En substitución de Victor Arce como antigo representante do decanato.

Profa. M^a del Carmen García, que actúa como secretaria

Escusan a súa presenza os Profs. Antonio Salas y María Victoria Lareu.

ORDE DO DÍA

1. Aprobación da acta da sesión anterior.
2. Informes da Coordinadora.
3. Aceptación alumnos 2015-2016.
4. Diñeiro e remanentes do crédito.
5. Procedemento de renovación da comisión académica en Xuño 2016.
6. Rolda de libre intervención

1. Aprobación da acta da sesión anterior.

Procedese a lectura da acta da sesión anterior que é aprobada por unanimidade.

2. Informes da Coordinadora.

A Coordinadora informa os membros da comisión sobre:

- Asistirá, como vén sendo habitual, á reunión anual de coordinadores de grado e máster que este ano terá lugar en Valencia

- Victor Arce permanece como membro da comisión académica a pesar de cesar como representante do decanato porque era ademais membro da comisión como representante do departamento de Fisioloxía.
- A nova representante do decanato, nomeada polo Señor decano, é agora Ánxela Torres
- Procedemento para a admisión dos alumnos pre-inscritos no máster para o curso 2015-2016. O listado de alumnos solicitantes e os méritos acreditados foi enviado con anterioridade pola coordinadora os membros da comisión.
- Situación do diñeiro remanente dispoñible, as xestión realizadas para a aclarar (consulta o Vicerreitorado e resposta do reitor o respecto) a súa procedencia e posibles usos.

3. Aceptación alumnos 2015-2016.

Tendo en conta que a oferta académica do máster inclúe 20 prazas para alumnos ordinarios e 5 para alumnos extraordinarios e que o número de alumnos extraordinarios pre-inscritos e xa matriculados foi de dous, a totalidade de prazas de este ano é de 23.

Tras avaliala listaxe dos alumnos pre-inscritos e os seus méritos os datos aprobouse a listaxe definitiva (adxunta a este acta) que consta de 23 alumnos admitidos e 5 en lista de espera.

Os criterios utilizados para a avaliación dos méritos foi:

- Expediente académico: 66%
- Outros méritos: 34%

Se suman a un total de 1 punto con los siguientes criterios

- Coñecemento de inglés: 0.1 puntos
- Comunicacions a congresos: 0.5 puntos comunicación/máximo un punto
- Estancias/colaboración en laboratorios: 0.2 puntos estancia /máximo un punto
- Cursos: 0.02 puntos por día/ máximo un punto
- Bolsas de colaboración: 0.5 puntos
- Traballos academicamente dirixidos (TAD): 0.2 puntos.
- Publicacións: 1 punto

4. Diñeiro e remanentes do crédito.

Discútese as propostas de uso deste diñeiro. Dada o pequeno da cantidade e as opinión recadadas ó respecto do profesorado do máster, exclúese a posibilidade do seu reparto entre os profesores. O profesor Victor Arce propón a súa

devolución o reitorado. Valorase asemade o seu uso para a organización de conferencias, xornadas ou material didáctico. Finalmente decídese por maioría destinalo ó uso pola coordinadora para asistencia a reunións de coordinadores, Programas de Máster e outras tarefas de coordinación necesarias.

5. Procedemento de renovación da comisión académica en Xuño 2016.

Discútese sobre o proceso de renovación dos membros da comisión académica. Á espera de consulta-lo procedemento necesario, propónse ó profesor Jose Antonio Costoya como candidato a novo coordinador (proposta da prof. Señaris e a prof. Pombo) e a súa posible incorporación previa como membro da comisión académica, que é aceptada por maioría.

Anxo Vidal, Rosa Señaris e Juan Zalvide presentan a súa renuncia como membros da comisión académica. Só se admite a renuncia dun deles e establececese o método de sorteo para discriminar quen será. Sae o Prof. Zalvide que comprométese a presentar ante o servizo competente a súa renuncia.

A aceptación desta renuncia supeditase a que Jose Antonio Costoya acepte ser membro de pleno dereito da comisión académica.

6. Rolda de libre intervención:

Solicítase a Anxela Torres que consulte a validez do procedemento de aprobación de asuntos de trámite a través de correo electrónico sen necesidade de reunións presenciais da comisión.

E non habendo máis asuntos que tratar, ás 10:45 horas, dáse por rematada a sesión.

Celia María Pombo

Coordinadora do Máster

María del Carmen García García

Secretaria da Comisión

Documento	Nome	E-mail	Acceso	Expediente	Méritos	Observaciones	Nota	Resultado
53118477T	Pérez Davila, Sara	saraperezdavila@gmail.com	GRADO EN BIOLOGÍA [Universidade de Vigo]	7,9763	1	Labo+Paleo+Curso+Xornada+Workshop+Taller es+Bolseiro+Poster	14,43382614	ADMITIDO
76580921Y	Cuñarro Gómez, Juan	juan.cg.1992@gmail.com	Grao en Bioloxía [Universidade De Santiago De Compostela]	6,7452	0,5	Comun Congreso	10,47776464	ADMITIDO
79340591K	Ramos Fariña, Paula	paula.ramosf@outlook.com	GRADO EN BIOLOGÍA [Universidade da Coruña]	8,455	0		10	ADMITIDO
78805957E	Pedrosa Lado, Pablo	weing54@hotmail.com	Grao en Bioloxía [Universidade De Santiago De Compostela]	8,3025	0		9,819633353	ADMITIDO
72821092X	Rodríguez Martínez, Lorena	lorenamarinoalvarez@gmail.com	Licenciatura en Química [Universidad de Zaragoza]	7,67	0,1	Máster, B2	9,571555293	ADMITIDO
53647547R	Pérez Rodríguez, Tamara	tamaraperez1992@gmail.com	GRADO EN ENFERMERÍA [Universidade de Oviedo]	7,931	0		9,380248374	ADMITIDO
71958163H	Trigueros Andrés, Esther	esther.t.a@hotmail.com	Grao en Nutrición Humana e Dietética [Universidad De Valladolid]	7,873	0		9,311649911	ADMITIDO
33558541T	Estévez López, Ricardo Daniel	rikimuralla42@gmail.com	Grao en Nutrición Humana e Dietética [Universidade De Santiago De Compostela]	7,81	0	No justifica	9,237137788	ADMITIDO
44837392L	Vizoso González, Marta	martavizosoglez@gmail.com	Grao en Bioloxía [Universidade De Santiago De Compostela]	7,7906	0	Lo que aporta es obli	9,214192785	ADMITIDO
77009836V	Valladares Miñán, Raquel	raquel.valladares@outlook.es	Grado de Nutrición	7,715	0		9,124778238	ADMITIDO
33561173X	Fernández Caloto, Rubén	ruben.fdez.caloto@gmail.com	Grao en Bioloxía [Universidade De Santiago De Compostela]	7,5063	0	Falta docum	8,877942046	ADMITIDO
12913061	Miranda , Silvana	silvana-miranda@hotmail.com	Radioterapia [Escola Superior de Tecnologia da Saúde do Porto]	7,33	0		8,669426375	ADMITIDO
53199571L	Longueira Rodriguez, Sabela	sabela.92@hotmail.com	GRADO EN BIOLOGÍA [Universidade de Vigo]	7,3225	0	Falta docum	8,660555884	ADMITIDO
16091691V	Conde Gallastegi, Enrique	enrike.cg@gmail.com	Grao en Biotecnoloxía [Universidad del País Vasco]	7,13	0	Falta docum	8,432879953	ADMITIDO
71728877L	Álvarez Rios, Sofía Modesta	sofia.alvarez92@gmail.com	Grao en Biotecnoloxía [Universidad del País Vasco]	6,45	0,16	Asis con+B2	8,428622117	ADMITIDO
79340681L	López Novo, Anael	anael_in@hotmail.com	Grao en Bioloxía [Universidade De Santiago De Compostela]	7,1019	0		8,39964518	ADMITIDO
45862399P	Couselo Seijas, Marinela	marinelacseijas@gmail.com	Licenciatura en Bioloxía [Universidade De Santiago De Compostela]	7,0997	0	No justifica	8,39704317	ADMITIDO
53346408R	Rodríguez Maqueda, Elena María	elenamaquedarodriguez@gmail.com	Grao en Bioloxía [Universidade De Santiago De Compostela]	6,6741	0,1	Curso stem cells in health and disease	8,393672383	ADMITIDO
54154885M	Sánchez Piñero, Brais	brais2611@hotmail.com	Grao en Bioloxía [Universidade De Santiago De Compostela]	7,0314	0	No justifica	8,316262567	ADMITIDO
45309172T	Herrador Gómez, Alejandro	alejandro_92_herrador@hotmail.com	Grao en BioQuímica [Universidad de Granada]	7,023	0	No justifica	8,306327617	ADMITIDO
17763831B	Gardeta Castillo, Sofía	sofia.gc3@gmail.com	Grao en Biotecnoloxía [Universidad de Zaragoza]	6,85	0	Falta docum	8,101714962	ADMITIDO
45953324Z	Monje Varela, Marta	marta.monje@rai.usc.es	Grao en Bioloxía [Universidade De Santiago De Compostela]	6,8006	0	Falta docum	8,043287995	ADMITIDO
54061047F	Munilla González, Elena	ELENAMUNILLA@telefonica.net	Licenciatura en Farmacia [Universidad de La Laguna]	6,33	0,1	Xornadas	7,986694264	ADMITIDO
71958674T	Villamediana Abad, Marina	m_villa27@hotmail.com	GRADO EN BIOLOGÍA [Universidad de León]	6,7	0		7,924305145	LISTA DE ESPERA
15485757H	García Villarino, Miguel	miguelvillarino@outlook.es	GRADO EN BIOLOGÍA [Universidade de Oviedo]	6,382	0		7,548196334	LISTA DE ESPERA
